

3. Colorea as palabras sinónimas:

O avó estaba *feliz*.

ledo

triste

alegre

Os rapaces estaban na biblioteca.

adultos

cativos

nenos

4. Le o poema e rodea as palabras contrarias:

O cuco non acouga;
o cuco vai e vén.
Gústalle a calor
e do frío foxe ben.



As palabras que significan o contrario son palabras **antónimas**.

5. Escribe a frase contraria:

Iria é grande. → Iria é pequena.

A chaqueta é nova. → _____

O camiño é longo. → _____

A xirafa é alta. → _____

O río é ancho. → _____

6. Engade **des-** ou **-in** nas seguintes palabras:

facer → _____ cómodo → _____

acordo → _____ sostible → _____

culpar → _____ completo → _____

centrar → _____ oportuna → _____

Leo e infórmome

7. Le o programa de actividades e responde:

O deporte en familia

Esta fin de semana celébrase na escola a 5ª festa do deporte en familia.

A continuación podes ver as actividades que se poderán realizar:



Venres 5 de xuño

Por que é bo facer deporte?

Hora: 17 h

Lugar: Auditorio da escola

Sábado 6 de xuño

Carreiras de sacos

Hora: 10 h

Lugar: Praza Maior

Sábado 6 de xuño

Nais e fillos xogan ao baloncesto

Hora: 17 h

Lugar: Polideportivo

Domingo 7 de xuño

Pais e fillas xogan ao tenis

Hora: 11 h

Lugar: Club de tenis

Domingo 7 de xuño

Festa do deporte

Hora: 17 h

Lugar: Patio da escola



Inscripcións na páxina web da escola ou na secretaría polas tardes (de 17 a 19 h).

As actividades teñen un número de prazas limitado.

- Que significa que o número de prazas é limitado? _____

- Que tes que facer para inscribirte? _____

- Se non tes irmáns, podes ir á festa? _____

11. Le e subliña as palabras que se escriban con **c** de cor azul e as que se escriban con **qu** de cor vermella:

Como cada mércores, Carme come un pouquiño de queixo sentada no xardín e espera que a súa nai remate o cadro que pinta con acuarelas.

Mentres, a nena debuxa no seu caderno unha cóbrega pequeniña cos lapis de cores.



Escribimos **c** diante de **a, o, u**.

Escribimos **qu** diante de **e, i**.

12. Clasifica as palabras da actividade anterior:

ca, co, cu _____

que, qui _____

13. Escribe os nomes dos seguintes animais:


